



(*)Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Presentación

(*)

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais ten unha ampla traxectoria dentro da nosa universidade. A principios dos 70 xa se impartían ensinanzas de Ciencias Económicas no antigo Colexio Universitario de Vigo, que en 1980 pasaría a integrarse na Universidade de Santiago de Compostela. En 1990 segrégase no Campus de Vigo, o que suporá o nacemento da Universidade de Vigo.

No curso 1991/92 iníciase a docencia das licenciaturas de Ciencias Económicas e de Ciencias Empresariais no edificio actual, rexistrándose dos procesos de reforma dos seus plans de estudos nos anos 1995 e 2002. A raíz da promulgación do RD 1393/2007 sobre ordenación das ensinanzas universitariasponse en marcha o proceso de adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior, de tal xeito que, para o curso académico 2009/10, comezarán a impartirse as titulacións de Grao en Administración e Dirección de Empresas e en Economía ás que se refiren estas guías.

Perséguese con elo ofertar unhas titulacións máis adaptadas ao contexto actual, cunha adaptación das metodoloxías docentes orientadas cara a aprendizaxe do alumnado e o desenvolvemento das súas capacidades.

Localización

(*)

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Vigo está no Campus de Lagoas/Marcosende, aproximadamente a 15 km. de la ciudad.

En caso de precisar información é posible contactar a través das seguintes vías:

Correo - Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, Campus de Lagoas-Marcosende, s/n, 36310 VIGO

Teléfono - 986812400 (Centralita/Conserxería)

986 812403 (Secretaría de Alumnado)

986 812402 (Secretaría do Decanato)

Fax- 986812401

Correo electrónico - secfcee@uvigo.es (Secretaría de Alumnado)

sdfcee@uvigo.es (Secretaría do Decanato)

Web - <http://fccee.uvigo.es/>

Servizos ofertados

(*)

A Facultade conta cunha importante dotación de infraestructuras destinadas a dar soporte ás actividades de investigación, docencia e extensión universitaria. Resumidamente, hai 15 aulas de docencia, 13 aulas-seminario, 6 aulas de informática e un aula informática de libre acceso. Adicionalmente dispón dun salón de actos cun aforo aproximado dunhas 550 persoas , un salón de graos para 60-80 personas, biblioteca con 400 postos de lectura e cafetería-comedor.

A continuación desglósase a información sobre servicios importantes para o alumnado:

SERVICIOS OFERTADOS AOS ESTUDANTADO

- AULA INFORMÁTICA DE LIBRE ACCESO:

Ordenadores a disposición dos alumnos con aplicaciones de uso corrente, acceso a Internet e posibilidade de impresión de documentos

- REDE INALÁMBRICA:

Acceso WIFI a Internet en toda a Facultade.

- REPROGRAFÍA:

Fotocopias, encuadernacións, transparencias, impresión de documentos, material de estudio, etc...

Horario regular : Mañá de 9 a 14 h. - Tarde de 15:45 a 18:00 h.

- CAFETERÍA E COMEDOR:

Servicio de cafetería completo, almorzos e comidas con menús do día.

Horario SS.Cafetería: De 8:45 a 21 h.

Horario SS.Comedor: De 13 a 15:30 h.

- SERVICIOS ADMINISTRATIVOS:

Servicios de xestión do alumnado (matriculas, traslados, solicitudes de validacións, emisión de títulos, etc...), asuntos económicos e secretaría do Decanato.

Horario atención ó público: De 9 a 14 h.

- BIBLIOTECA:

Servicio de asesoramento e empréstito bibliográfico, salas de estudio e lectura e consulta bases de datos.

Para o servicio de empréstito requírese carnet de biblioteca.

Dotacións: 414 postos de lectura e estudio.

2 postos consulta bases de datos.

29.000 volumes aprox. (libros, informes, etc.)

560 títulos de publicacións periódicas:

330 revistas e 230 estatísticas.

Equipo decanal

(*)

Decano: Jorge Falagán Mota

Secretario: Pedro Lorenzo Alonso

Vicedecana de Coordinación e Calidade: Ana Esther Castro Fernández

Vicedecano de Organización Académica: Javier Roca Pardiñas

Vicedecana de Relacións Internacionais: María Gómez Rúa

Degree in Economics

Subjects

Year 4th

Code	Name	Quadmester	Total Cr.
V03G100V01701	International trade	1st	6
V03G100V01702	International economics	1st	6
V03G100V01901	Wellbeing, equity and gender	1st	6
V03G100V01902	Economic administrative law	2nd	6
V03G100V01904	The economy of Galicia	1st	6
V03G100V01905	Natural resources and environmental economics	1st	6
V03G100V01906	Economic History of Spain	2nd	6
V03G100V01907	Taxation	2nd	6
V03G100V01908	Bankruptcy Law	2nd	6
V03G100V01909	Competition Law	2nd	6
V03G100V01910	Innovation economics	2nd	6
V03G100V01911	Transport economics	2nd	6
V03G100V01912	Advanced macroeconomics	2nd	6
V03G100V01913	Economic Policy and of the Institutions	1st	6
V03G100V01914	Quantitative Techniques to Analyse Economics	1st	6
V03G100V01915	Advanced Microeconomics	1st	6
V03G100V01916	Game Theory	1st	6
V03G100V01917	Information Economy	2nd	6
V03G100V01918	Economic Fundamentals on Protection of Competition	2nd	6
V03G100V01919	Health Economics	2nd	6
V03G100V01991	Final Year Dissertation	2nd	12

IDENTIFYING DATA**Comercio internacional**

Subject	Comercio internacional			
Code	V03G100V01701			
Study programme	Grao en Economía			
Descriptors	ECTS Credits	Type	Year	Quadmester
	6	Mandatory	4	1c
Teaching language	Castelán			
Department	Fundamentos da análise económica e historia e institucións económicas			
Coordinator	de Miguel Palacios, Carlos Juan			
Lecturers	de Miguel Palacios, Carlos Juan			
E-mail	cmiguel@uvigo.es			
Web				
General description	Esta materia consta de dúas partes. Por unha banda, o "Comercio Internacional" que analiza as transaccións reais entre países, é dicir, as transaccións que implican un movemento físico de bens. Doutra banda, a "Macroeconomía Internacional" que se centra en tres elementos esenciais: o diñeiro e os tipos de cambio; a balanza de pagos; o papel da política nun mundo onde coexisten moitas moedas e os países están integrados financieramente.			

Competencias

Code	
CG2	Competencias ligadas á procura e organización de documentación e á presentación do seu traballo de maneira adecuada á audiencia
CG3	Exercitar habilidades de aprendizaxe autónoma que abran campos para a innovación
CG4	Autocontrol no sistema de traballo, a respecto de tempo e planificación
CG6	Capacidade de xerar reflexións propias sobre problemas de natureza económica e os seus efectos sociais e éticos
CE3	Coñecer o marco institucional da economía
CE4	Capacidade para situar a economía na súa evolución histórica
CE5	Comprender as bases de funcionamento da economía, tanto nos ámbitos máis amplos como nos máis próximos
CE6	Adquirir coñecementos de Análise económica
CE8	Habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante e o seu contido
CE9	Identificar e anticipar problemas económicos relevantes nos ámbitos público e privado
CE11	Capacidade de elaborar medidas de política económica para alcanzar uns obxectivos dados
CE13	Capacidade de elaborar informes de asesoramento económico
CT2	Capacidade de traballar en equipo
CT3	Espírito emprendedor e capacidade de liderado, incluíndo empatía co resto de persoas
CT5	Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas
CT7	Fomentar a actitude crítica e autocrítica

Resultados de aprendizaxe

Learning outcomes		Competences	
Comprender as bases de funcionamento da economía tanto nos ámbitos máis amplos como nos máis próximos	CG3	CE3 CE4 CE5	CT5 CT7
Lograr o manexo por parte dos estudantes da análise económica a través das súas ferramentas básicas, de modo que para abordar preguntas económicas sexan capaces de construír modelos económicos simples, que mediante unha representación simplificada da realidade permitan tratar adecuadamente o problema	CG2 CG4 CG6	CE3 CE8 CE9 CE11	CT2 CT3 CT5
Habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante e do seu contido	CG2 CG3	CE5 CE6 CE8	CT2 CT5
Espertar o interese dos estudantes respecto á análise dos efectos das políticas macroeconómicas, de modo que ante a aplicación dun novo instrumento de política económica sexan capaces de formarse unha opinión fundamentada sobre a súa eficacia na consecución dos obxectivos para os cales se expuxo	CG6	CE5 CE13	CT5 CT7

Contidos

Topic

PARTE I: TEORÍA DO COMERCIO INTERNACIONAL

TEMA 1: INTRODUCCIÓN Á TEORÍA DO COMERCIO INTERNACIONAL
 TEMA 2: INTERDEPENDENCIA E GANANCIAS DERIVADAS DO COMERCIO
 TEMA 3: TEORÍAS CLÁSICAS DO COMERCIO INTERNACIONAL. O MODELO RICARDIANO
 TEMA 4: O MODELO DE HECKSCHER-OHLIN E AS NOVAS TEORÍAS DO COMERCIO
 TEMA 5: POLÍTICA COMERCIAL INTERNACIONAL

PARTE II: MACROECONOMÍA INTERNACIONAL

TEMA 6: INTRODUCCIÓN Á MACROECONOMÍA INTERNACIONAL
 TEMA 7: TIPOS DE CAMBIO E MERCADO DE DIVISAS
 TEMA 8: TIPOS DE CAMBIO: O ENFOQUE MONETARIO A LONGO PRAZO
 TEMA 9: TIPOS DE CAMBIO: O ENFOQUE DE ACTIVOS A CURTO PRAZO
 TEMA 10: CONTAS NACIONAIS E INTERNACIONAIS: RENDA, RIQUEZA E BALANZA DE PAGOS
 TEMA 11: POLÍTICAS MACROECONÓMICAS A CURTO PRAZO

Planificación

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Actividades introductorias	2	2	4
Lección maxistral	28	40	68
Resolución de problemas	16	30	46
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	14	16
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	14	16

*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Metodoloxía docente

	Description
Actividades introductorias	Actividades dirixidas a tomar contacto e recoller información dos alumnos e presentación da materia
Lección maxistral	Exposición dos contidos da materia
Resolución de problemas	Formulación, análise, resolución e debate dun problema ou exercicio, relacionado coa temática da materia

Atención personalizada

Methodologies	Description
Lección maxistral	As titorías individuais terán lugar no despacho do profesor.
Resolución de problemas	As titorías individuais terán lugar no despacho do profesor.

Avaliación

	Description	Qualification	Evaluated Competences
Exame de preguntas de desenvolvemento	Exame (segundo modalidade) no que se avaliará todos os contidos traballados na Parte I do curso.	50	CG2 CG3 CG4 CG6 CE3 CE4 CE5 CE6 CE7 CE8 CE9 CE11 CE13
Exame de preguntas de desenvolvemento	Exame (segundo modalidade) no que se avaliará todos os contidos traballados na Parte II do curso.	50	CG2 CG3 CG4 CG6 CE3 CE4 CE5 CE6 CE7 CE8 CE9 CE11 CE13

Other comments on the Evaluation

MODALIDADE AVALIACIÓN CONTINUA

O alumnado que sexa avaliado en réxime de avaliación continua, nunha escala de 0 a 10 puntos, terá a posibilidade de superar a materia, sempre que en cada proba que se realice ao longo do curso obteña unha cualificación maior ou igual a 4 puntos sobre 10 e a media dos resultados das probas sexa maior ou igual a 5 puntos.

Neste caso a avaliación da materia constará de dous partes:

1.- Exame Parte I: Teoría do Comercio Internacional. Este exame realizarase a metade do cuadrimestre nunha data que estará fixada a principio de curso. No caso de non obter a cualificación mínima esixida (4 puntos sobre 10), terá que examinarse de todo o temario no exame final.

2.- Exame Parte II: Macroeconomía Internacional. Este exame realizarase na mesma data que o exame final, na data oficial establecida no calendario de exames.

No caso de que a media das probas sexa maior ou igual a 5 puntos, pero non alcance a nota mínima esixida de 4 puntos nalgunha das dúas partes, a cualificación final será dun 4.

O alumnado que, obtendo unha cualificación igual ou superior a 4 na Primeira Proba da avaliación continua queira mellorar a cualificación obtida, poderá presentarse ao exame final coa TOTALIDADE do temario na data oficial establecida no calendario de exames. Nese caso, deberá renunciar de forma expresa á avaliación continua enviando un correo electrónico ao coordinador da materia até sete días antes da realización do exame final. A nota obtida neste exame será a cualificación final da materia.

MODALIDADE AVALIACIÓN GLOBAL

O estudiantado que se acolla a esta modalidade realizará un exame final de **toda a materia** polo 100% da nota, na data oficial establecida no calendario de exames.

Convocatoria Xullo: Na convocatoria extraordinaria, o estudiantado realizará un exame de **toda a materia** polo 100% da nota.

Convocatoria Fin de Carreira: O estudiantado matriculado na convocatoria fin de carreira realizará un exame polo 100% da nota.

As datas dos exames da materia poderanse consultar na páxina web da facultade <http://fccee.uvigo.es>

Bibliografía. Fontes de información

Basic Bibliography

Krugman, P.R.; Obstfeld, M. y Meltz, M.J., **Economía internacional. Teoría y política**, 10ª, Pearson, 2016

Feenstra R.C. y Taylor A. M., **Macroeconomía internacional**, 2ª, Reverté, 2012

Complementary Bibliography

Carbaugh, Robert J., **Economía Internacional**, 12, Cengage learning, 2009

Recomendacións

Subjects that it is recommended to have taken before

Macroeconomía I/V03G100V01503

Macroeconomía II/V03G100V01604

Plan de Continxencias

Description

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen

Mantéñense as clases maxistras de exposición dos contidos da materia e as clases de resolución de exercicios.

* Metodoloxías docentes que se modifican

Tanto as clases maxistras como as de resolución de exercicios, impartiranse de maneira non presencial mediante o Campus

Remoto.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (tutorías)

As tutorías realizaranse por medios telemáticos:

- Atención no despacho virtual do profesor responsable da materia previa solicitude por parte do alumnado.
- Resolución de dúbidas por correo electrónico.

* Modificacións (si proceden) dos contidos a impartir

Non procede

* Bibliografía adicional para facilitar o auto-aprendizaxe

Non procede

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Manterase sen cambios

IDENTIFYING DATA**Economía internacional**

Subject	Economía internacional			
Code	V03G100V01702			
Study programme	Grao en Economía			
Descriptors	ECTS Credits	Type	Year	Quadmester
	6	Mandatory	4	1c
Teaching language	Castelán			
Department	Economía aplicada			
Coordinator	Castro Fernández, Ana Esther Teixeira Bautista, José Francisco			
Lecturers	Castro Fernández, Ana Esther Teixeira Bautista, José Francisco			
E-mail	teixeira@uvigo.es esther@uvigo.es			
Web				
General description	Nos últimos anos veñen producindo profundos cambios na orde económica internacional. O coñecemento da súa dinámica desde o período inmediatamente posterior ao final da II Guerra mundial resulta fundamental para coñecer as claves explicativas dos acontecementos económicos que estamos a vivir. Nesta materia analízase a evolución das macromagnitudes das principais economías desenvolvidas e das súas políticas económicas, da orde comercial e monetaria. Ademais, de forma paralela ao desenvolvemento dos temas comentados, o alumno realiza un seguimento da conxuntura económica internacional.			

Competencias

Code	
CG2	Competencias ligadas á procura e organización de documentación e á presentación do seu traballo de maneira adecuada á audiencia
CG4	Autocontrol no sistema de traballo, a respecto de tempo e planificación
CG5	Fomentar a mobilidade e adaptabilidade a ámbitos e situacións diferentes
CG6	Capacidade de xerar reflexións propias sobre problemas de natureza económica e os seus efectos sociais e éticos
CG7	Fomentar o espírito investigador, desenvolvendo a capacidade para analizar problemas novos cos instrumentos adquiridos
CE3	Coñecer o marco institucional da economía
CE4	Capacidade para situar a economía na súa evolución histórica
CE5	Comprender as bases de funcionamento da economía, tanto nos ámbitos máis amplos como nos máis próximos
CE8	Habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante e o seu contido
CE9	Identificar e anticipar problemas económicos relevantes nos ámbitos público e privado
CE13	Capacidade de elaborar informes de asesoramento económico
CT2	Capacidade de traballar en equipo
CT4	Responsabilidade e capacidade de asumir compromisos
CT5	Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas
CT7	Fomentar a actitude crítica e autocrítica

Resultados de aprendizaxe

Learning outcomes	Competences		
O alumno coñece o marco institucional da economía		CE3	
O alumno é capaz de situar a economía na súa evolución histórica		CE4	
O alumno comprende as bases de funcionamento da economía.		CE3 CE4 CE5	
O alumno é capaz de identificar e interpretar fontes de información económica relevante e o seu contido	CG2 CG4 CG5 CG6 CG7	CE3 CE4 CE5 CE8 CE9	CT4
O alumno sabe identificar e anticipar problemas económicos relevantes nos ámbitos público e privado	CG6 CG7	CE3 CE4 CE5 CE8 CE9	CT5
O alumno é capaz de argumentar de forma coherente e intelixible, tanto oral como escrita			CT5

O alumno organiza a documentación e presenta o seu traballo de maneira adecuada á audiencia	CG2 CG4 CG7	CE3 CE4 CE5 CE8 CE9	CT2 CT4 CT5
O alumno é capaz de elaborar informes económicos	CG2 CG4 CG5 CG6 CG7	CE5 CE8 CE13	CT4 CT5 CT7
O alumno é capaz de expor reflexións propias sobre problemas de natureza económica e os seus efectos sociais e éticos	CG5 CG6 CG7	CE3 CE4 CE5 CE9	CT5 CT7
O alumno é capaz de analizar problemas novos cos instrumentos adquiridos	CG4 CG5 CG6 CG7	CE9	CT5

Contidos

Topic	
Introdución á economía internacional	Conceptos básicos de economía internacional Integración económica e monetaria
Grandes ciclos económicos	Dos inicios do capitalismo á globalización
Evolución do marco comercial e monetario	O patrón ouro. A desorde monetaria de entreguerras. O período de vixencia dos acordos de Bretton Woods. O período da flotación xeneralizada dos tipos de cambio. A experiencia da UME. Do GATT á OMC.
A conxuntura económica internacional	Principais macromagnitudes. Decisións de política económica. Opinións de expertos. Informes de organismos económicos internacionais.

Planificación

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Lección maxistral	22	45	67
Seminario	5	8	13
Prácticas con apoio das TIC	8	15	23
Aprendizaxe colaborativa	8	15	23
Flipped Learning	7	15	22
Exame de preguntas obxectivas	2	0	2

*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Metodoloxía docente

	Description
Lección maxistral	Exposición por parte do profesorado dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo/a estudante.
Seminario	Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Prácticas con apoio das TIC	Actividades de aplicación dos coñecementos nun contexto determinado e de adquisición de habilidades básicas e procedementais en relación coa materia, a través das TIC.
Aprendizaxe colaborativa	Organización da clase en pequenos grupos onde o alumnado traballa de forma coordinada entre si para desenvolver tarefas académicas e afondar na súa propia aprendizaxe.
Flipped Learning	Algunhas actividades de aprendizaxe realizaranse fora da aula e, coa presenza do/a docente, levaranse a cabo actividades que impliquen o desenvolvemento de procesos cognitivos de maior complexidade.

Atención personalizada

Methodologies	Description
Seminario	As clases prácticas, do mesmo xeito que as titorías en grupo realizadas a través de seminarios, teñen como obxectivo axudar ao alumnado a consolidar os coñecementos adquiridos nas clases teóricas. Ademais, permiten ao profesorado orientar aos/ás estudantes e resolver as dúbidas que poidan xurdir no proceso de aprendizaxe.

Prácticas con apoio das TIC	As prácticas teñen como obxectivo axudar ao alumnado a consolidar os coñecementos adquiridos nas clases teóricas. Ademais, permiten ao profesorado orientar aos/ás alumnos/as e resolver as dúbidas que poidan xurdir no proceso de aprendizaxe
Aprendizaxe colaborativa	O traballo en grupo, coa orientación do profesorado, permítelle ao alumnado ser responsable da súa aprendizaxe e, á vez, a facilitar a aprendizaxe aos seus/súas compañeiros/as. O profesorado supervisa a asignación de tarefas e as discusións teóricas entre os membros do grupo para garantir un bo resultado final.
Flipped Learning	Coa metodoloxía Flipped Learning, o profesorado guía e facilita os procesos de aprendizaxe, retroalimenta o desempeño dos equipos de traballo e ao alumnado individualmente, e xenera espazos para a coavaliación a a autoavaliación.

Avaliación					
	Description	Qualification	Evaluated Competences		
Prácticas con apoio das TIC	Valorarase a participación nas clases, a participación nos foros de discusión, os exercicios, cuestionarios e calquera outro traballo que se propoña nas clases prácticas.	15	CG2 CG4 CG5 CG6 CG7	CE3 CE4 CE5 CE8 CE9 CE13	CT2 CT4 CT5 CT7
Aprendizaxe colaborativa	Valorarase a participación nas clases, os resultados do traballo en grupo e a implicación co mesmo.	15	CG2 CG4 CG5 CG6 CG7	CE3 CE4 CE5 CE8 CE9 CE13	CT2 CT4 CT5 CT7
Flipped Learning	Valorarase a participación nas clases e os resultados do traballo realizado.	10	CG2 CG4 CG5 CG6 CG7	CE3 CE4 CE5 CE8 CE9	CT2 CT4 CT5 CT7
Exame de preguntas obxectivas	Realizaranse exames con preguntas obxectivas baseadas no temario da materia. Os/as alumnos/as deben mostrar un nivel adecuado de coñecementos para superar a materia.	60	CG4	CE3 CE4 CE5 CE9	CT5 CT7

Other comments on the Evaluation

O alumnado pode elixir entre seguir un sistema de avaliación continua ou ben presentarse a un único exame final. Neste último caso, terá que demostrar que adquiriu as competencias esixidas na materia, do mesmo modo que se seguira un proceso de avaliación continua. Tanto co proceso de avaliación continua como co exame final poderase obter o 100% da cualificación.

Os/as alumnos/as que renuncien ao sistema de avaliación continua deberán comunicarllo á persoa coordinadora da materia nas primeiras semanas do cuadrimestre (unha vez iniciadas as clases prácticas).

- No proceso de avaliación continua terase en conta o resultado das actividades desenvolvidas ao longo do curso e o resultado da proba teórica realizada. As actividades das clases prácticas ponderan un 40% do total da materia. A proba relativa aos contidos teóricos pondera o 60% do total da materia. Por necesidades de organización docente, a proba teórica poderá realizarse na mesma data que o examen final oficial da materia.
- Para superar a materia polo sistema de avaliación continua esíxese unha cualificación superior a 4 puntos sobre 10 tanto nas probas correspondentes á docencia práctica como no exame correspondente á parte teórica. En calquera caso, para superar a materia, a nota media ponderada destas distintas probas ha de ser igual ou superior a 5 puntos sobre un total de 10.
- A cualificación obtida nas prácticas, para aquel alumnado que o solicite, manterase até a segunda convocatoria.
- Alternativamente ao sistema de avaliación continua, o estudantado poderá optar a ser avaliado cun único exame final que suporá o 100% da cualificación. O exame dividirase en dúas partes: unha de contidos relativos ás clases teóricas e outra de contidos relativos ás clases prácticas. A parte teórica ponderará o 60% do total; a parte relativa ás prácticas ponderará o 40% do total. Isto tamén será de aplicación na segunda convocatoria. Para superar o exame esíxese unha nota mínima de 4 puntos sobre 10 en cada unha das partes. En calquera caso, para poder superar a

materia, a nota media ponderada das distintas partes do exame ha de ser igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

- Na convocatoria de Fin de carreira o exame suporá o 100% da cualificación.

Os exames realizaranse nas datas oficiais establecidas polo órgano responsable. Poden consultarse na páxina web da Facultade de CC. Económicas e Empresariais: <http://fccee.uvigo.es/>

Bibliografía. Fontes de información

Basic Bibliography

Castro A.E. y Teixeira, J.F., **Luces y sombras de las uniones económicas**, RBA, 2017

Krugman, Paul .; Obstfeld, Maurice, **Economía internacional: teoría y política**, Pearson Educación, 2016

Complementary Bibliography

Acemoglu, D. yj. Robinson, **Por qué fracasan las naciones**, Ediciones Deusto, 2014

Aranda, E. Pérez Moreno, S. y Sánchez Andrés A. (coord.), **Política económica y entorno empresarial**, Pearson, 2017

Karier, Thomas, **Great Experiments in American Economic Policy. From Kennedy to Reagan**, PRAEGER Westport, Connecticut, 1999

Krugman, Paul, **El Retorno de la Economía de la Depresión y la Crisis Actual**, Prentice-Hall, 2009

Maddison, Agnus, **The World Economy: a millenial perspectiva**, OECD, 2001

Ochando, C. (coord), **Objetivos e instrumentos de las políticas económicas coyunturales**, Tirant lo Blanch, Valencia, 2021

Querol, F (coord), **De quelques aspects de l'Union économique et monétaire européenne**, Presse de L'Université Toulouse 1 Capitole,

Rodrik, D., **La paradoja de la globalización**, A. Bosch Editor, 2012

Banco Central Europeo, <https://www.ecb.europa.eu/home/html/index.en.html>,

Banco Mundial, www.worldbank.org,

Fondo Monetario Internacional, www.imf.org,

Organización Mundial del Comercio, www.wto.org,

Recomendacións

Subjects that it is recommended to have taken before

Historia: Historia económica/V03G100V01103

Macroeconomía I/V03G100V01503

Macroeconomía II/V03G100V01604

Política económica/V03G100V01504

Políticas económicas comparadas/V03G100V01605

Other comments

Nesta asignatura converxen os coñecementos adquiridos nas asignaturas de historia económica, teoría económica e política económica.

É altamente recomendable a asistencia ás clases teóricas e ás clases prácticas (adaptándose ás circunstancias do momento; é dicir, de forma presencial ou virtual segundo establezan as autoridades académicas)

Plan de Continxencias

Description

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

= Metodoloxías docentes que se manteñen=

En caso de ter que pasar a un sistema de ensino virtual, debido a emerxencia sanitaria ou calquera outro tipo de emerxencia, manteranse as mesmas metodoloxías docentes facendo uso das ferramentas virtuais que a UVigo pon a disposición do PDI e o alumnado (aulas e despachos virtuais, plataforma de teledocencia, correo electrónico, etc.)

=Metodoloxías docentes que se modifican=

Non é necesario modificar ningunha metodoloxía, xa que están concibidas para ser empregadas tanto en caso de presencialidade, como semipresencialidade ou docencia totalmente virtual.

=Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)=

As titorías realizaranse a través dos medios postos a disposición do profesorado e do alumnado, pola UVigo, con sistema de concertación previa.

= Modificacións (se proceden) dos contidos a impartir=

Dado que as clases non presenciais requiren de máis dedicación por parte do alumnado que as clases presenciais, reaxustarase o contido dos temas, se fose necesario, para que o alumnado poida alcanzar as competencias que se requiren.

=Bibliografía adicional para facilitar o auto-aprendizaxe=

En caso de docencia plenamente virtual facilitarase ao alumnado a bibliografía necesaria para que poida preparar a materia.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

As porcentaxes correspondentes aos distintos tipos de probas, mantéñense, con independencia de que a avaliación sexa virtual ou presencial. En caso de ter que pasar a un sistema de docencia e avaliación virtual, os/as alumnos/as serán avaliados a través dos medios que a UVigo pon á nosa disposición (Campus Remoto, Moovi, etc.). Algunha/s proba/s poderíanse realizar de forma oral.

IDENTIFYING DATA**Benestar, equidade e xénero**

Subject	Benestar, equidade e xénero			
Code	V03G100V01901			
Study programme	Grao en Economía			
Descriptors	ECTS Credits	Type	Year	Quadmester
	6	Optional	4	1c
Teaching language	Castelán			
Department	Economía aplicada			
Coordinator	del Río Otero, Coral			
Lecturers	del Río Otero, Coral			
E-mail	crio@uvigo.es			
Web	http://crio.webs.uvigo.es/			
General description	<p>Esta materia ten como principal obxectivo introducir ao alumnado na análise das desigualdades económicas, un tema de crecente relevancia nos debates públicos tanto nos países desenvolvidos como no mundo en desenvolvemento. No curso discútense os diferentes enfoques e ferramentas para a cuantificación de fenómenos relacionados coa equidade na distribución dos recursos económicos, tales como a desigualdade, a pobreza, ou a discriminación das mulleres e outros colectivos no mercado laboral. Discútense os principais problemas prácticos e conceptuais asociados coa cuantificación destes fenómenos, preséntanse os indicadores máis adecuados, dos que se analizan as súas propiedades, e estúdanse as tendencias actuais e as súas causas. En todo o curso incorpórase de forma transversal a perspectiva de xénero.</p> <p>O curso ten unha orientación moi práctica, xa que se persegue que o/a estudante dispoña das ferramentas necesarias para ser capaz de interpretar de forma crítica os estudos e informes relacionados coa equidade. Tamén se pretende que sexa capaz de replicar os principais indicadores a partir de datos procedentes de enquisas de fogares, mediante o uso dun programa informático de libre acceso para a análise distributiva (DAD). Por iso, a realización dun breve informe sobre un problema distributivo no que se apliquen os coñecementos adquiridos, forma parte esencial do curso.</p>			

Competencias

Code	
CE6	Adquirir coñecementos de Análise económica
CE8	Habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante e o seu contido
CE9	Identificar e anticipar problemas económicos relevantes nos ámbitos público e privado
CE13	Capacidade de elaborar informes de asesoramento económico
CT5	Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas

Resultados de aprendizaxe

Learning outcomes	Competences	
Identificar os principais problemas asociados á distribución de recursos e a discriminación	CE6 CE9	
Manexo de ferramentas para a análise distributiva empregando as fontes datos dispoñibles sobre condicións de vida dos fogares e mercado laboral.	CE6 CE9	
Comprensión e capacidade de elaboración dun informe relacionado cun problema distributivo	CE6 CE8 CE9 CE13	CT5

Contidos

Topic	
1. Introducción: o benestar	1.1 Marco teórico: A análise económica das desigualdades 1.2 Aspectos metodolóxicos a ter en conta na análise do benestar
2. As desigualdades económicas	2.1 Desigualdade, distribución da renda e benestar social 2.2 Comparacións ordinais de desigualdade: a curva de Lorenz 2.3 Comparacións cardinais de desigualdade: os índices de desigualdade e as súas propiedades 2.4 Algunhas extensións
3. Pobreza e exclusión social	3.1 Identificación da poboación pobre: as liñas de pobreza 3.2 Cuantificación da pobreza: índices de pobreza 3.3 Criterios para ordear distribucións de acordo coa súa pobreza 3.4 Dinámica da pobreza 3.5 Pobreza multidimensional 3.6 Determinantes da pobreza

4. Análise económica da discriminación

- 4.1 Desigualdade entre grupos e discriminación
- 4.2 Explicacións das desigualdades no mercado de traballo
- 4.3 A discriminación laboral por xénero e raza
- 4.4 Contratación e segregación ocupacional
- 4.5 Discriminación salarial por razón de xénero

Planificación

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Lección maxistral	28	60	88
Seminario	17.5	20	37.5
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2
Traballo	2.5	20	22.5

*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Metodoloxía docente

	Description
Lección maxistral	Exposición en clase dos principais contidos do programa.
Seminario	Cálculo de indicadores mediante folla de cálculo e programa informático específico (DAD), empregando datos de enquisas de fogares. Discusión e interpretación de resultados. Elaboración e presentación dun informe aplicando os coñecementos adquiridos.

Atención personalizada

Methodologies Description

Seminario	Durante os seminarios de prácticas o estudiantado recibirá atención personalizada para a resolución dos problemas de aplicación das técnicas obxecto de estudo.
-----------	---

Tests Description

Traballo	Durante a elaboración do traballo, o estudiantado recibirá o asesoramento personalizado tanto no horario de clases como nas titorías correspondentes.
----------	---

Avaliación

	Description	Qualification	Evaluated Competences
Exame de preguntas de desenvolvemento	Exame sobre todo o temario	70	CE6 CE9
Traballo	Elaboración dun informe empregando fontes de datos estatísticos dispoñibles, con programas informáticos específicos (Excel, DAD), no que se apliquen os coñecementos adquiridos. Presentación en clase das principais conclusións do informe.	30	CE6 CE8 CE9 CE13 CT5

Other comments on the Evaluation

O alumnado terá dúas opcións para superar a materia:

1. Renunciar á avaliación continua e solicitar a avaliación mediante un exame final, que supón o 100% da nota, e que se celebrará na data oficial segundo se recolle na páxina web da facultade (<http://fccee.uvigo.es>). Para renunciar á avaliación continua é necesario enviar un correo electrónico á docente da materia antes do 15 de outubro de 2021.
2. Acollerse á avaliación continua, que consta de dúas partes:
 - a. Realización e presentación dun informe (30%).
 - b. Un exame, que inclúe todos os temas do programa, na data oficial segundo se recolle na páxina web da facultade, <http://fccee.uvigo.es> (70%).

Se a/o estudante non entrega e presenta o seu informe no prazo requirido, deixará automaticamente a avaliación continua e pasará a ser avaliada/o exclusivamente mediante o exame final. Tamén sairá da avaliación continua se no informe non supera o 35% da súa puntuación máxima, pasando a ser avaliada/o exclusivamente mediante o exame final.

Moi importante: Para poder acollerse á avaliación continua será necesario ter asistido, como mínimo, ao 75% das clases prácticas.

Na convocatoria de Fin de Carreira o exame suporá o 100% da cualificación.

Bibliografía. Fontes de información

Basic Bibliography

Albelda, Randy y Drago, Robert, **Unlevel Playing Fields. Understanding Wage Inequality and Discrimination**, 4ª, Dollars & Sense, 2013

Atkinson, Anthony B., **Desigualdad: ¿Qué podemos hacer?**, Fondo de Cultura Económica, 2016

Gradín, Carlos y Del Río, Coral, **Desigualdad, pobreza y polarización en la distribución de la renta en Galicia**, IEEG - Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2001

Stiglitz, Joseph E., **El precio de la desigualdad**, Taurus, 2012

Complementary Bibliography

Alkire, Sabina; Foster, James; Seth, Suman; Santos, Maria Emma; Roche, José Manuel y Ballón, Paola, **Multidimensional Poverty Measurement and Analysis**, Oxford University Press, 2015

Alonso-Villar, Olga y Del Río, Coral, **Segregación ocupacional por razón de género y status migratorio en España y sus consecuencias en términos de bienestar**, 2017

Atkinson, Anthony B. y Bourguignon, François (ed.), **Handbook of Income Distribution (vol. 1)**, 1ª (reimpresión), Elsevier, 2007

Bandrés, Eduardo, **Economía y redistribución: teorías normativas y positivas sobre la redistribución de la renta**, Ministerio de Trabajo y Seguridad Social, 1993

Benería, Lourdes, **Género, desarrollo y globalización**, Hacer Editorial, 2009

Blau, Francine D.; Ferber, Marianne A. y Winkler, Anna E., **The Economics of Women, Men, and Work**, 7ª, Pearson, 2014

CES España, **Tercer informe sobre la situación de las mujeres en la realidad sociolaboral española**, Consejo Económico y Social España, 2011, Informe 01/2011

CES España, **Distribución de la renta en España: Desigualdad, cambios estructurales y ciclos**, Consejo Económico y Social España, 2013, Informe 03/2013

Del Río, Coral y Alonso-Villar, Olga, **Mujeres ante el empleo (y el desempleo) en el mercado laboral español**, 2014

Duclos, Jean-Ives y Araar, Abdelkrim, **Poverty and Equity: Measurement, Policy and Estimation with DAD**, Springer, 2006

Eswaran, Mukesh, **Why Gender Matters in Economics**, Princeton University Press, 2014

Ferber, Marianne A. y Nelson, Julie A. (ed.), **Más allá del hombre económico**, Cátedra, 2004

Foster, James; Seth, Suman; Lokshin, Michael y Sajaia, Zurab, **A Unified Approach to Measuring Poverty and Inequality**, The World Bank, 2013

FOESSA, **VII Informe sobre exclusión y desarrollo social en España**, Fundación FOESSA, 2014

Goerlich, Francisco J. y Villar, Antonio, **Desigualdad y Bienestar Social**, Fundación BBVA, 2009

OECD, **Growing Unequal? Income distribution and poverty in OECD countries**, OECD Publishing, 2008

Pazos Morán, María, **Contra el patriarcado: Economía feminista para una sociedad justa y sostenible**, Katakarak, 2018

Salverda, Wiemer; Nolan, Brian y Smeeding, Timothy M. (ed.), **The Oxford Handbook of Economic Inequality**, Oxford University Press, 2011

Sarasúa, Carmen y Gálvez, Lina, **¿Privilegios o eficiencia? Mujeres y hombres en los mercados de trabajo**, Publicaciones Universidad de Alicante, 2003

Sen, Amartya, **La desigualdad económica**, Fondo de Cultura Económica, 2001

Recomendacións

Subjects that it is recommended to have taken before

Economía dos servizos públicos/V03G100V01602

Economía pública/V03G100V01502

Plan de Continxencias

Description

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen

O material da materia elaborado pola docente a disposición do alumnado en MOODLE e/ou Campus Remoto.

* Metodoloxías docentes que se modifican

Ante a imposibilidade de que as clases se desenvolvan presencialmente, a docencia se impartirá telemáticamente vía Campus Remoto.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

Titorías telemáticas no despacho virtual da docente (Campus Remoto). Será necesario concertar a titoría con anterioridade.

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Si resultase imposible realizar presencialmente algunha proba/actividade de avaliación, esta realizarase telemáticamente a través de Campus Remoto ou MOODLE.

IDENTIFYING DATA

Economic administrative law

Subject Economic
administrative law

Code V03G100V01902

Study Degree in
programme Economics

Descriptors	ECTS Credits	Type	Year	Quadmester
	6	Optional	4th	2nd

Teaching
language

Department

Coordinator

Lecturers

E-mail

----- UNPUBLISHED TEACHING GUIDE -----

IDENTIFYING DATA**The economy of Galicia**

Subject The economy of
Galicia

Code V03G100V01904

Study Degree in
programme Economics

Descriptors	ECTS Credits	Type	Year	Quadmester
	6	Optional	4th	1st

Teaching
language

Department

Coordinator

Lecturers

E-mail

----- UNPUBLISHED TEACHING GUIDE -----

IDENTIFYING DATA**Economía dos recursos naturais e do medio ambiente**

Subject	Economía dos recursos naturais e do medio ambiente			
Code	V03G100V01905			
Study programme	Grao en Economía			
Descriptors	ECTS Credits	Type	Year	Quadmester
	6	Optional	4	1c
Teaching language	Castelán			
Department	Economía aplicada			
Coordinator	Garza Gil, María Dolores			
Lecturers	Fernández González, Raquel Garza Gil, María Dolores			
